

DOCUMENTO A

A GANDEIRA E A TRATANTE

A miña avoa é gandeira. Criou, coidou, mimou a miña nai, os seus cordeiros e a min, cada día da súa vida.

Todos os animais tiñan nome e un biberón preparado para darlle a benvida ó nacer.

Miña avoa traballou sempre, nunca tivo de días de descanso. Mais, cando viñan os tratantes a mercarlle os cordeiros sempre preguntaban:

- ¿Señora, onde está o xefe?

Hai unha semana miña avoa xubilouse e miña nai tomou o relevo, agora tamén temos cabritos,

e eu estouna a convencer para engadir coellos na nosa gandería.

Os tratandes voltaron hoxe, miña nai abriulles a porta comigo da man e, cun sorriso iluminándolle a faciana, saudounos:

- Bo día, eu son a Xefa!! En que podo axudalos?

Eu ben sei que vou ser de maior, serei xefa!! coma miña nai e miña avoa.